CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**ACTA Nº 2025/8**
**SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN**
**- SALÓN DE PLENOS, xoves 11 de setembro de 2025 -**

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

**ASISTEN:**

PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GÓMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSÉ VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA
SERGIO JOSE BOGA GOMEZ

**AUSENCIAS:**

Xente de Dodro
LUCIA YESICA VECINO RODRÍGUEZ

**SECRETARIA-INTERVENTORA:**

SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**A) DACIÓN EN CONTA:**

1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 2º TRIMESTRE 2025
3. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS

**B) DELIBERACIÓN E ACORDO:**

4. RATIFICAR A RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚMERO 421/2025 DO 08/08/2025 POLA QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, VALGA, ROIS, CATOIRA, PONTECESURES E DODRO PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2025/26
5. PARTICIPAR NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS ADICIONAL 2/2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
6. CONTRATACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO DE DODRO. ADXUDICACIÓN.
7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO 2025-2026

**C) MOCIÓNS:**

**C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS:**

8. MOCIÓN DE UVD PARA A COBERTURA DAS PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NA RPT

**D) CONTROL DE GOBERNO**

9. ROGOS E PREGUNTAS.
10. OUTROS MEDIOS DE CONTROL DO GOBERNO LEGALMENTE ESTABLECIDOS

**PROPOSTAS ORDINARIAS**

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *“Boas tardes a todos. Empezamos ca sesión do pleno ordinario do mes de setembro:”*

**1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

Procédese co primeiro punto da orde do día que a continuación se transcribe de xeito literal:

**“EXPTE: 2025/G006/000289**
**ASUNTO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dáse conta das resolucións que van desde o número 316/2025 ao 475/2025, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da alcaldía indicados

**2. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN ECONÓMICO-ORZAMENTARIA DO 2º TRIMESTRE 2025**

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

**"Expediente:** 2025/G006/000290
**Asunto:** Dación conta remisión Informes económico-orzamentarios do 2º trimestre 2025
**Trámite:** Proposta para o Pleno

Dáse conta da remisión de información económico-orzamentaria a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais:

-Periodo Medio de Pago do 2º trimestre 2025 (enviado o 30/07/2025)
-Informe de execución trimestral do 2º trimestre 2025 (enviado o 30/07/2025)

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís."

Os concelleiros e concelleiras quedan informados.

**3. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS**

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Hoxe solamente quería darlle conta ao Pleno de que o Salón de sesións quedou... quedou rematado, cunha das obras do Obradoiro de Emprego, do Obradoiro de Emprego do SAP.*

**B) DELIBERACIÓN E ACORDO:**

**4. RATIFICAR A RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚMERO 421/2025 DO 08/08/2025 POLA QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, VALGA, ROIS, CATOIRA, PONTECESURES E DODRO PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2025/26**



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

**"EXPEDIENTE**: 2025/A006/000009 (relacionado co expediente 2025/A008/000026)
**ASUNTO**: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, VALGA, ROIS, CATOIRA, PONTECESURES E DODRO PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2025/26
**TRÁMITE**: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA RATIFICAR A RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚMERO 421/2025 DO 08/08/2025 POLA QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, VALGA, ROIS, CATOIRA, PONTECESURES E DODRO PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2025-2026

Logo de ver a Resolución da Alcaldía Núm. 421/2025 de data 08/08/2023 pola que se aproba o Convenio de colaboración entre os Concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro para a solicitude, xestión do servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2025-26.

Considerando o punto sexto da dita resolución acorda: "***Sexto.-*** *Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación."*
Propoño ao Pleno o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Ratificar a Resolución da Alcaldía Núm. 421/2025 de data 08/08/2025, que se transcribe como anexo.

**SEGUNDO.-** Dar traslado aos concellos asinantes do convenio.

*Documento asinado electronicamente*
*O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*

**ANEXO**

*"**EXPEDIENTE**: 2025/A006/000009 (relacionado co expediente 2025/A008/000026)*
***ASUNTO**: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, VALGA, ROIS, CATOIRA, PONTECESURES E DODRO PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2025/2026*
***TRÁMITE**: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

*Considerando que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ditou a Orde*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

*do 16 de xullo de 2025 (DOG núm. 136, de 17 de xullo de 2025), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento TR332A), que dispón no seu artigo 4.1 que poderán ser beneficiarias das subvencións: "a) Os concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este (...)". E continúa establecendo que "Poderán concorrer agrupacións de concellos nos seguintes casos:*
*• Concellos limítrofes que conformen unha área xeográficamente continua.*
*• Concellos que pertenzan todos eles á mesma comarca, aínda que non sexan limítrofes entre si.*
*• Agrupacións de concellos que reúnan os requisitos do punto anterior aos cales se poden unir outros concellos que, non pertencendo a mesma comarca, limiten xeográficamente con algún dos concellos da agrupación que si pertencen a ela."*

*Logo de ver o informe de secretaría-intervención de data 8 de agosto de 2025 que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da Alcaldía de data 8 de agosto de 2025 e considerando que ningunha outra administración está a desempeñar a competencia en materia de Programas Integrados de Emprego no Concello de Dodro, e que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación, así como que non se prevé ningún tipo de aportación municipal.*

*Sen prexuízo de someter a ratificación plenaria esta actuación, en atención ao previsto no dito artigo 47.2, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, máis tendo en conta a proximidade da finalización do prazo para a solicitude de subvención, en atención as competencias atribuídas ao Alcalde nos apartados d) e s) do artigo 21.1 da mesma Lei,*

***RESOLVO:***

***PRIMEIRO.-** Aprobar o convenio de colaboración a subscribir entre os Concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro para a solicitude, xestión do servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do Programa integrado de emprego do Concello de Dodro 2025-2026, que se transcribe como anexo.*

***SEGUNDO.-** Aceptar expresamente o nomeamento de don Francisco Xabier Castro Tourís, alcalde do Concello de Dodro, como representante con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que correspondan á agrupación de concellos como beneficiaria da subvención, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración*

***TERCEIRO.-** Aprobar o proxecto presentado polos concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro para a realización do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2025-2026, recollido na memoria explicativa no*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*anexo II das bases da convocatoria da subvención.*

***CUARTO.-*** *Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde do 16 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento TR332A) (DOG núm. 136, de 17 de xullo de 2025) para a execución do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro, 2025-2026, cun orzamento de 220.000€, solicitando unha axuda de 220.000€ para a realización de programas integrados para persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, coas seguintes características:*

- *Duración do programa: 12 meses*
- *Ámbito de actuación: os concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro*
- *Nº de persoas que se van atender: 100 persoas traballadoras desempregadas.*
- *Colectivos que se van a atender:*

| ***COLECTIVO*** | ***NÚMERO*** | ***PORCENTAXE*** |
|---|---|---|
| *Persoas con discapacidade* | *4* | *4,00 %* |
| *Persoas menores de 30 anos* | *21* | *21,00 %* |
| *Persoas perceptores de prestacións, subsidios por desemprego ou renda activa de inserción (RAI)* | *35* | *35,00 %* |
| *Mulleres* | *35* | *35,00 %* |
| *Persoas desempregadas maiores de 52 anos* | *5* | *5,00 %* |
| ***TOTAL*** | ***100*** | ***100,00 %*** |

- *Orzamento: 220.000,00 €*
- *Subvención solicitada: 220.000,00 €*
- *Cofinanciamento dos Concellos: 0,00 €*
- *Obxectivo de inserción laboral: 37%*
- *Obxectivo de práctica non laboral: máis de 20%*

***QUINTO.-*** *Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 16 de xullo de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 136, de 17 de xullo de 2025)*

***SEXTO.-*** *Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

***SÉTIMO.-*** *Dar traslado da presente resolución aos Concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira e Pontecesures.*

***OITAVO.-*** *Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL*

*Dodro, asinado dixitalmente*
*O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*
*A secretaria-interventora accidental (Resolución da DXAL do 07/06/2021 e Resolución da Alcaldía núm. 351/2025 de data 01/08/2025), María José Rodríguez Expósito"*

***ANEXO***

***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE PADRÓN, VALGA, ROIS, CATOIRA, PONTECESURES E DODRO PARA A SOLICITUDE, XESTIÓN DO SERVICIO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO AO ABEIRO DA ORDE DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (DOG NÚM. 136, DE 17 DE XULLO DE 2025) DO 16 DE XULLO DE 2025 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A POSTA EN PRÁCTICA DE PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DE GALICIA, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2025 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO TR332A)***

***REUNIDOS:***

***Os alcaldes:***

***Dunha parte:*** *Don Francisco Xabier Castro Tourís, con DNI ***807***, alcalde do Concello de Dodro (CIF P1503300D), quen actúa en nome desa entidade.*

***Doutra parte:*** *Don Anxo Rei Arca, con DNI 78799831Z, alcalde do Concello de Padrón (CIF P1506600D), quen actúa en nome desa entidade.*

***Doutra parte:*** *Don José María Bello Maneiro, con DNI ***122*** alcalde do Concello de Valga (CIF P3605600J), quen actúa en nome desa entidade.*

***Doutra parte:*** *Don Ramón Tojo Lens, con DNI ***686***, alcalde do Concello de Rois (CIF P1507500E), quen actúa en nome desa entidade.*

***Doutra parte:*** *Don Xoan Xosé Castaño Conde, con DNI ***367***, alcalde do Concello de Catoira (CIF P3601000G), quen actúa en nome desa entidade.*

***Doutra parte:*** *Dona María Teresa Tocino Barreiro, con DNI ***701***, alcaldesa do Concello de Pontecesures (CIF P3604400F), quen actúa en nome desa entidade.*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*Todos actúan en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALG).*

*Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración para a xestión compartida do proxecto de Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2025-2026 ao abeiro da Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 136, de 17 de xullo de 2025) do 16 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento TR332A) e para o efecto:*

***EXPOÑEN:***

***Primeiro.-*** *As entidades municipais, para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade dos veciños, segundo os termos establecidos nas leis 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, son competentes. Os municipios deberán exercer estas competencias sempre dentro do marco establecido pola lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.*

***Segundo.-*** *A Constitución, no seu artigo 103, establece o mandato á Administración para que actúe, entre outros, de acordo cos principios de eficacia e coordinación, o cal implica o deber de realizar unha xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles. Tendo en conta que a prestación dos servizos públicos e o fomento e promoción das actividades que ofrecen os concellos esixe un elevado custo, tanto de instalación ou adquisición como de funcionamento e xestión e, en consecuencia, a implantación ou o mantemento dos servizos pode resultar, en ocasións, excesivamente onerosa ou antieconómica para a entidade, débense arbitrar medios que permitan rebaixar custes mantendo a calidade dos servizos, en cumprimento do mandato legal e constitucional.*

***Terceiro.-*** *Entre os medios que se poden establecer para poder prestar á veciñanza actividades ou servizos en ámbitos diversos de desenvolvemento persoal ou comunitario, destaca a cooperación entre administracións, para potenciar a xestión compartida de recursos, o que se considera, ademais, desexable na boa práctica administrativa.*
*A colaboración interadministrativa ten a finalidade de poñer en común recursos para as Administracións seren quen de ofrecer, de maneira conxunta, servizos e actividades que en solitario sería moi difícil ou imposible, por custoso ou inoperante, proporcionar. Pode arbitrarse a través do asociacionismo municipal para solicitar subvencións de cara á xestión de servizos compartidos que permitan prestarlle servizos á cidadanía, de maior calidade, e en condicións de*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

*igualdade.*
***Cuarto.-*** *Tanto a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local como a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, e a lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa*
*O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que as administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevexa a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos, ou inserirse nos mesmos con carácter previo vinculante ou non á resolución que lles poña fin.*
*Os citados instrumentos deberán establecer como contido mínimo a identificación das partes intervenientes, o ámbito persoal, funcional e territorial, e o prazo de vixencia, debendo publicarse ou non segundo a súa natureza e as persoas ás que estiveran destinadas.*
*Os acordos que se subscriban non suporán alteración das competencias atribuídas ós órganos administrativos nin de responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios relativas ó funcionamento dos servizos públicos.*

***Quinto.-*** *O actual escenario financeiro e a situación socio-laboral dos concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro precisa buscar solucións ao desemprego e ás necesidades formativas do mercado de traballo, cada vez máis competitivo. A colaboración entre estes concellos tense plasmado anteriormente noutros instrumentos análogos.*

***Sexto.-*** *A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ditou a Orde do 16 de xullo de 2025 (DOG núm. 136, de 17 de xullo de 2025), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2025 (Código de procedemento TR332A), que dispón no seu artigo 4.1 que poderán ser beneficiarias das subvencións: "a) Os concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este (...)". E continúa establecendo que "Poderán concorrer agrupacións de concellos nos seguintes casos: • Concellos limítrofes que conformen unha área xeográficamente continua. • Concellos que pertenzan todos eles á mesma comarca, aínda que non sexan limítrofes entre si. • Agrupacións de concellos que reúnan os requisitos do punto anterior aos cales se poden unir outros concellos que, non pertencendo a mesma comarca, limiten xeográficamente con algún dos concellos da agrupación que si pertencen a ela."*

***Sétimo.-*** *Todos os concellos asinantes pretenden acadar a mesma fin, que é a de executar o proxecto descrito na Orde. Porén, resultaría moi gravoso para cada un dos concellos asinantes, o realizar, por si sos e de xeito independente, as actuacións en que consiste o programa, incluíndo todo o procedemento dende o*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*inicio da solicitude, á xestión propia del, e ata a súa finalización e xustificación. Terían que financiarse tantas actuacións como municipios, o cal resultaría antieconómico e pouco eficiente, cando se pretende acadar a mesma fin. Resulta, en fin, máis conveniente e eficiente empregar un servizo común.*
*Así, en aras dunha maior eficacia administrativa, e en aplicación dos principios de cooperación, colaboración e asistencia anteditos que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes acordan desenvolver unha actuación conxunta para a posta en práctica da actuación consistente no Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro, 2025-2026, ao abeiro da Orde do 16 de xullo de 2025 (DOG núm. 136, de 17 de xullo de 2025), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento TR332A) e presentar un proxecto conxunto para o seu financiamento.*
***Oitavo.-** Os concellos que desexen formular unha solicitude conxunta deberán regular a agrupación ou asociación mediante un convenio de colaboración, que reúna o contido expresado no artigo 49 na lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, e inclúa mención expresa á realización conxunta do proxecto, con indicación das achegas económicas e doutra índole dos concellos agrupados, así como o nomeamento da persoa representante ou apoderada única da agrupación, de acordo co esixido no artigo 8.3 in fine da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
***Noveno.-** Cada solicitante debe cumprir os requisitos esixidos nas bases reguladoras da subvención. Ademais, non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Por todo o anterior, e co obxecto do desenvolvemento conxunto e compartido do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2025-2026, de conformidade co expresado, os concellos comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes*

## *CLÁUSULAS*

### *Primeira.- Obxecto.*

*Os concellos asinantes acordan crear unha agrupación para a xestión compartida e realización conxunta do proxecto Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2025-2026 coa fin de solicitar financiamento á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde desa Consellería do 16 de xullo de 2025 (DOG núm. 136, de 17 de xullo de 2025) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2025 (Código de procedemento TR332A) establecendo, ademais, o réxime de organización e funcionamento asociado do servizo.*

### *Segunda.- Obxectivos.*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*A prestación asociada do Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2025-2026 baséase nos principios de eficacia, eficiencia, colaboración e boa administración e ten como obxectivo principal mellorar a empregabilidade e a inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego dos concellos implicados, mediante a posta en marcha dun plan integral que combine accións de diversa natureza, tales como: información, orientación e asesoramento, formación transversal en novas tecnoloxías e en idiomas, técnicas de coaching, intelixencia emocional, e técnicas de motivación para a busca de emprego, habilidades sociais e obradoiros de entrevista, fomento da capacidade emprendedora, prospección empresarial, emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes, formación para o emprego, prácticas profesionais non laborais en empresas, obradoiros sobre mobilidade xeográfica no eido laboral, etc.*

***Terceira.- Ámbito de aplicación.***

*O ámbito territorial do servizo será a totalidade dos termos municipais de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro. Este ámbito poderase sobrepasar naqueles casos en que, pola natureza das accións formativas e doutro tipo que se realizan no seo do programa para a mellora do nivel da empregabilidade das persoas participantes, sexa necesario empregar espazos diferentes ou especializados.*

***Cuarta.- Sede do servizo. Organización do servizo.***

*A sede do proxecto situarase no Concello de Dodro.*
*Procurarase que as actuacións derivadas da execución do proxecto se desenvolvan de maneira equitativa nos concellos participantes, segundo requira o funcionamento do propio programa e as circunstancias das actividades, participantes, persoal, instalacións ou actuacións.*

***Quinta.- Representación do servizo.***
*Os concellos colaboradores designan expresamente como representante legal a Don Francisco Xabier Castro Tourís, alcalde do Concello de Dodro, para os efectos oportunos e accións necesarias en relación con este convenio e o desenvolvemento do programa, tales como presentar solicitudes, xustificar a subvención, etc.*
*Con este obxecto, os outros municipios participantes efectuarán a favor do representante o pertinente acordo de delegación.*

***Sexta.- Xestión administrativa do servizo.***

*Desígnase ao Concello de Dodro como xestor do proxecto.*
*A xestión administrativa será levada a cabo dende o Concello de Dodro en todo o relacionado con:*
*1. Tramitación e seguimento do expediente de subvención ante os organismos correspondentes da Xunta de Galicia*
*2. Tramitación dos expedientes de contratación do persoal do Programa*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*3. Tramitación dos expedientes de contratación administrativa relativos ao Programa*
*4. Resto de trámites de xestión ordinaria que sexan necesarios para o desenvolvemento do Programa*
*Esta designación non supón cesión da titularidade da competencia de cada concello nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade de cada un dos concellos asinantes ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte, ou nos que se integre, a actividade material obxecto da xestión compartida.*

***Sétima. Compromisos asumidos polo Concello de DODRO como representante.***

*Coa sinatura do presente convenio, o Concello de Dodro asumirá os compromisos seguintes:*

- *Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Orde do 16 de xullo de 2025 (DOG núm. 136, de 17 de xullo de 2025), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2025 (Código de procedemento TR332A).*
- *Realizar todos os trámites de xestión administrativa precisos para a actuación compartida de conformidade co disposto na cláusula sexta, tanto os derivados do expediente aberto a instancia da entidade convocante da axuda (a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), como os relativos aos expedientes de contratación e seguimento da execución do proxecto.*
- *Respectar o destino dos fondos subvencionados.*
- *Informar aos concellos sobre a marcha da xestión cando lle sexa solicitado*
- *Facilitar a documentación que forma parte do expediente administrativo que se estea a tramitar ao abeiro deste convenio.*
- *Non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

***Oitava. Compromisos asumidos polos Concellos de PADRÓN, VALGA, ROIS, CATOIRA E PONTECESURES.***

*Coa sinatura do presente Convenio os Concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira e Pontecesures asumirán os compromisos seguintes:*

- *Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Orde do 16 de xullo de 2025 (DOG núm. 136, de 17 de xullo de 2025), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2025 (Código de procedemento TR332A).*
- *Facilitar toda a documentación que sexa esixida na Orde de 16 de xullo de 2025 antedita, e toda ademais que sexa necesaria para a tramitación dos expedientes de solicitude e de xustificación de subvención.*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

- *Respectar o destino dos fondos subvencionados.*
- *Prestar a colaboración necesaria e a que sexa solicitada polo Concello xestor do servizo, para o bo desenvolvemento deste. Para estes efectos poderase designar unha persoa en cada un dos Concellos que poida servir de enlace co persoal do Programa para manter unha comunicación fluída entre todos os membros da agrupación.*
- *Non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

***Novena.- Orzamento do proxecto. Financiamento do servizo.***

*O proxecto Programa integrado de emprego de Concello de Dodro 2025/2026 será financiado ao 100% pola subvención regulada na Orde do 16 de xullo de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 136, de 17 de xullo de 2025), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2025 (Código de procedemento TR332A).*
*O orzamento para a execución do proxecto (importe da subvención solicitada) ascende á cantidade total de 220.000 € (impostos incluídos).*
*Os gastos que non sexan subvencionados pola mencionada orde serán asumidos polos concellos da agrupación en porcentaxes iguais e deberanse ingresar na Tesourería do Concello de Dodro , antes da data límite de xustificación do investimento que segundo o disposto nas Bases reguladoras é o día 15 de decembro de 2026.*

***Décima.- Medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo.***

*Os concellos de Padrón, Valga, Rois, Catoira, Pontecesures e Dodro poñerán os medios materiais, patrimoniais e persoais do servizo dos que dispoñan para levar a cabo o Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2025-2026, sen prexuízo da posibilidade de recorrer a alugueiros ou realizar subcontratación daqueles medios ou útiles de traballo específicos ou particulares, que sexan necesarios para unha actividade formativa, así como aqueles dos que pola súa particularidade ou características non sexa habitual nin de costume a súa posesión por unha administración pública.*
*Este convenio incorpora como **anexo I** unha listaxe de medios patrimoniais consistentes en espazos de titularidade municipal de cada un dos concellos da agrupación que poderán ser empregados polo programa para a realización das accións propias. O Programa adquire, así, o dereito de uso dos espazos e instalacións expresados sempre en condicións análogas ás de calquera departamento ou área do Concello no que se sitúen. Esta listaxe non ten carácter exhaustivo e enténdese sen prexuízo da posibilidade de utilizar outras instalacións ou dependencias, a discreción do Concello titular delas.*

***Décimo primeira.- Vixencia.***

*O presente convenio terá vixencia ata finais do ano 2026 ou en todo caso ata a*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*terminación do Programa Integrado do Concello de Dodro 2025-2026, unha vez se entenda concedida a subvención para a súa execución.*

***Décimo segunda.- Extinción.***

*Serán causas de extinción deste convenio:*
*1. O non cumprimento do seu obxecto.*
*2. O cumprimento do termo legal da súa vixencia de conformidade co disposto na cláusula décimo primeira.*
*3. A inviabilidade da realización das actuacións descritas nel por causas non imputables ás partes.*
*4. O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio*
*5. A denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.*
*6. O mutuo acordo entre as partes. Calquera das partes que queira terminar así a colaboración poderá comunicalo por escrito ao resto das partes cunha antelación de polo menos dous meses á data na que o dea por rematado.*
*7. A extinción ou non concesión da axuda para manter o Programa Integrado de Emprego do Concello de Dodro 2025-2026*

***Décimo terceira.- Natureza administrativa.***

*Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose, para os seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.*

***Décimo cuarta.- Interpretación.***

*No non previsto expresamente neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á orde de convocatoria das subvencións, e ao resto da normativa aplicable segundo o disposto na cláusula anterior.*

*As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello. Porase en coñecemento desta comisión calquera conflito ou dúbida que se presente no desenvolvemento do convenio. No caso de que a comisión non chegase a acordo sobre as discrepancias, sustanciaranse na orde xurisdicional competente.*

***Décimo quinta.- Xurisdición competente**.*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a súa natureza administrativa, sen prexuízo do compromiso expresamente aquí asumido polas partes para resolvelas preferentemente sempre de xeito amigable*

*E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, na data da súa sinatura dixital*

*O alcalde de Padrón, Anxo Rei Arca*
*O alcalde de Valga, José María Bello Maneiro*
*O alcalde de Rois, Ramón Tojo Lens*
*O alcalde de Catoira, Xoan Xosé Castaño Conde*
*A alcaldesa de Pontecesures, María Teresa Tocino Barreiro*
*O alcalde de Dodro, Francisco Xabier Castro Tourís*

***ANEXO I***

***MEDIOS PATRIMONIAIS CONSISTENTES EN ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE CADA UN DOS CONCELLOS DA AGRUPACIÓN, QUE PODERÁN SER EMPREGADOS POLO CONCELLO DE DODRO PARA A EXECUCIÓNS DE ACCIÓNS PROPIAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO***

| ***CONCELLO*** | ***LUGAR*** | ***ESPAZO*** | ***ENDEREZO*** |
|---|---|---|---|
| ***Padrón*** | *Centro Social de Padrón* | *Aula de formación* | *Campo do Souto, s/n 15900 Padrón* |
| ***Padrón*** | *Centro Social de Padrón* | *Aula informática* | *Campo do Souto, s/n 15900 Padrón* |
| ***Padrón*** | *CEMIT de Padrón* | *Aula de formación* | *R/Mollet del Vallés, s/n 15900 Padrón* |
| ***Padrón*** | *CEMIT de Padrón* | *Aula informática* | *R/Mollet del Vallés, s/n 15900 Padrón* |
| ***Valga*** | *CODI de Valga* | *Aula de formación* | *R/Baño, s/n 36645 Valga* |
| ***Valga*** | *CODI de Valga* | *Aula taller* | *R/Baño, s/n 36645 Valga* |
| ***Valga*** | *CODI de Valga* | *Aula informática* | *R/Baño, s/n 36645 Valga* |
| ***Valga*** | *Centro sociocultural de Valga* | *Aula informática* | *Paredes, s/n 36645 Valga* |
| ***Rois*** | *Edificio Multiusos de* | *Aula de* | *Os Dices, s/n 15911* |



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

| | | | |
|---|---|---|---|
| | *Rois* | *formación* | *Rois* |
| ***Rois*** | *Edificio Multiusos de Rois* | *Aula informática* | *Os Dices, s/n 15911 Rois* |
| ***Catoira*** | *Edificio Multiusos de Catoira* | *Aula informática* | *Rúa do Concello, 1- 36612 Catoira* |
| ***Catoira*** | *Edificio Multiusos de Catoira* | *Aula de formación* | *Rúa do Concello, 1 - 36612 Catoira* |
| ***Catoira*** | *CEMIT de Catoira* | *Aula de formación* | *Rúa do Concello, 14 – 36612 Catoira* |
| ***Pontecesures*** | *Casa do Concello de Pontecesures* | *Aula de formación* | *Avda. Vigo, 2 36640 Pontecesures* |
| ***Pontecesures*** | *Casa da Cultura de Pontecesures* | *Aula de formación* | *R/Raimundo García Borobó, 22 36640 Pontecesures* |
| ***Dodro*** | *Casa da Cultura de Dodro* | *Aula de formación* | *Tallós, 28 15981 Dodro* |
| ***Dodro*** | *Casa da Cultura de Dodro* | *Aula de informática* | *Tallós, 28 15981 Dodro* |
| ***Dodro*** | *Escola Avelino Abuín de Tembra* | *Aula de formación* | *Imo, s/n 15981 Dodro* |

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Asinárono todos os alcaldes, os mismos ca este ano, o programa de emprego que remata este mes. Pensamos que con moi bos resultados e os alcaldes, os seis concellos que levamos a diante, ca coordinación do concello de Dodro, o Programa Integrado de Emprego deste ano, volveron a asinalo. Evidentemente, pois eu tamén o asinei como alcalde e agora tócanos traelo ao pleno para a súa aprobación que agardo que así se produza.*

*Portavoz do Partido socialista de Galicia."*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"Nada. Ratificar o convenio"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moi ben. Portavoz do Agrupación política de Xente de Dodro."*

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"Bueno. A verdade é que non sei, non sabemos a que se vai dedicar este convenio. Non sabemos cal é o programa de ocupación que se pretende, que sería o máis normal. Que cando un pretende facer un convenio, polo menos que se sepa para que é. Como se vai a programar. Que actividades que se van a desarrollar, cales son os obxectivos que se van a buscar e bueno., forma parte da forma de gobernar do mini goberno*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

*que temos en Dodro que sigue facendo as cousas sen saber para que."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Vale. Portavoz do Partido Popular, por favor."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Nada que decir."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz de Agrupación política de Unidade Veciñal."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Ola, boas tardes a todos. Bueno pola nosa parte, tampouco nada que decir. É un programa que xa leva en funcionamento varios anos que esta funcionando ben. Pola nosa parte, non temos nada que decir."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Si, moi boas tardes a todo o mundo. Nós, unicamente o que decimos sempre, cando hai este tipo de convenio, era aconsellable que houbera outro tipo de inclusións laborais. E que vemos que cada vez, hai necesidade, por parte dos concellos, porque asi o require as puntuacións seguramente da Xunta, de sumarse máis concellos. Entón, vemos que esto é en certo modo, un pouco de precariedade e debería haber un obradoiro de emprego, xa por cada concello, cas necesidades así o manifestan. Pero, de todos los xeitos, esto é o que temos enriba da mesa e o BNG vaino aprobar."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moi ben. Bueno, pois eu, agradecerlle aos que voten a favor da sinatura deste convenio. É curioso que o único que manifestou reticencias, foi a persoa que o firmou nunhas cantas veces. E agora mesmo, coas mesmas condicións, mostre esas reticencias. Pero bueno, xa sabemos a que nos atemos. Vamos a proceder a votación."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 8
- 1 BNG
- 2 PP
- 3 PSdeG-PSOE
- 2 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Votos en contra: 0
- 0 BNG
- 0 PP
- 0 PSdeG-PSOE



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

**5. PARTICIPAR NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS ADICIONAL 2/2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

**"EXPEDIENTE**: 2025/A008/000027
**ASUNTO**: 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS ADICIONAL 2/2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
**TRÁMITE**: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARTICIPAR NA 2ª FASE DO POS ADICIONAL 2/2025

O Pleno Da Deputación Provincial da Coruña, na sesión que tivo lugar o 29 de novembro de 2024, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024.

As mencionadas bases conteñen unha previsión de regulación, na base 13, do POS+Adicional 2/2025 para o caso de que a deputación acorde realizar unha maior achega provincial ao POS+2025 a través do POS+Adicional 2/2025. Con esta finalidade, no expediente de modificación de créditos 2/2025, aprobado inicialmente polo pleno da Deputación da Coruña na sesión realizada o 30 de maio de 2025, consignouse unha achega provincial destinada ao financiamento do POS+Adicional 2/2025 que está unicamente destinado á realización de investimentos financeiramente sostibles.

O importe da achega provincial asignada ao Concello de Dodro no POS+ Adicional



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2/2025 é o que figura na seguinte táboa:

| CONCELLO | REINVESTIMENTO | REPARTOS CRITERIOS POS | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Dodro | 30.278,04 | 105.181,14 | 135.459,18 |

Logo de ver que o POS+ Adicional 2/2025 aprobarase en dúas fases e que na 1ª fase incluiranse unicamente os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2025, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento polos concellos e unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva no POS+ Adicional 2/2025.

Logo de ver que o 11/06/2025 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 261/2025, que resolveu, entre outros, participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025, tal e como se indica a continuación:

| Investimentos financeiramente sostibles **xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025** | Financiamento dos investimentos | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible | Total concello | |
| PISTA A VALO DO MANSELLE E OUTRO | 37.761,03 | - | - | - | 37.761,03 |
| CAMIÑOS EN EIRÓ E OUTRO | 55.551,04 | - | - | - | 55.551,04 |
| TOTAL | 93.312,07 | - | - | - | 93.312,07 |

| | |
|---|---|
| Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 2/2025 | 135.459,18 |
| Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025 | 93.312,07 |
| Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 2/2025 | 42.147,11 |

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 2/2025"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)**

| Gastos correntes | Deputación |
|---|---|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025 | - |

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:**

| Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025 | Financiamento dos investimentos | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible | Total concello | |
| - | - | - | - | - | - |
| **TOTAL** | - | - | - | - | - |

| Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 | Financiamento dos investimentos | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable ) | Total concello | |
| MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA EN SAN XOÁN DE LAÍÑO | 42.147,11 | 0,00 | - | 0,00 | 42.147,11 |
| **TOTAL** | 42.147,11 | 0,00 | - | 0,00 | 42.147,11 |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**C) Resumo de financiamento:**

| | | Concello | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE** | **Deputación** | **Concello** | **IVE soportado deducible** | **Total concello** | **Orzamento Total** |
| **Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)** | - | | | | - |
| **Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025** | - | - | - | - | - |
| **Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025** | 42.147,11 | 0,00 | - | 0,00 | 42.147,11 |
| **TOTAL** | 42.147,11 | 0,00 | - | 0,00 | 42.147,11 |

**Segundo**.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Terceiro**.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

**Cuarto**.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

**Quinto**.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sexto**.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**Sétimo**.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

*Documento asinado electronicamente*
*O alcalde*
*Francisco Xabier Castro Tourís"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Bueno, vaino explicar o portavoz do Partido Socialista. A data límite é maña, entón traémolo hoxe, bueno basicamente, as obras que se van facer. Bueno, cando ti queiras."*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"Como ben dixo, refírese ao Plan complementario, a dotación da Deputación, non alcanzou para cubrir as actuacións que demandábamos. Consideramos que a cuarta que iba en discordia que era a de... era esta que hai que modificar. Que ven sendo, a senda da parroquia de San Xoán de Laíño cara a Iglesia. Mantense a pista do Valo de Manselle e outros . Camiños a Eiró e outros. E esta, pois claro, estaba dividido, xa cando se fixo o proxecto, practicamente en tres partes, como non nos cubría todo, consideramos que... suprimir a parte da suba que vai hasta a Avelino Abuín de Tembra, desde o local social, un pouquiño máis abaixo, hasta a escola Abuín de Tembra. Esperemos en vindeiras convocatorias, poder finalizar a actuación esta para incluír esa parte que queda. E nada máis."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz de Agrupación política de Xente de Dodro."*

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"Bueno. Nós xa nos manifestamos no seu día cando se propuxo o POS. Tampouco, hoxe tampouco imos diferir, do que apuntamos xa naquel momento: as obras do goberno que non ten criterio. Dende logo, apoiar a un goberno que ten como mellor obra, a senda de mobilidade que ten.. que lle preocupa... botarlle formigón ás pistas do monte para que o señor alcalde, vaia en coche ó Santiaguiño. Pois, en todo caso, non creemos que sexa prudente apoiar a quenes levan... seis anos, executando sin ningún tipo de criterio as obras. As obras máis recentes, son as luces do campo de fútbol, pero saltan; disque van a aforrar... e ahora resulta que poñen as luces e saltan. Pero bueno, esas son as obras pendentes. Estas son as obras que fan. E nós, desde logo, non vamos a apoiar este tipo de obras."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Partido Popular."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Si. Nós consideramos que no concello, hai obras moito máis urxentes e necesarias que esta. E ademais...bueno, eliminan xustamente, un trozo donde hai vivendas e donde vive xente. Independentemente, aquí este este trozo que van a facer, solo afecta a un edifico. Son as obras que deciden vostedes. No concello son necesarias moitas máis obras, a parte de esta."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Gracias. Portavoz de Unidade*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

*Veciñal de Dodro."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Si. Bueno, nós imos a votar a favor. Porque as obras que se fan, son as que nos pedimos e fixéronse, precisamente nese POS. Esta obra, se queda incompleta. Nós, fixémoslle ver ao goberno, de que era moito mellor facer ese tramo porque era o máis perigoso. Porque, precisamente por ese tramo, a xente baixa pola carretera e sube para ir á misa e para ir ao centro, ao local social. Entonces, vemos que era máis necesario facer eso que empezar desde abaixo, donde hai unha vivenda máis. Tampouco non hai máis que eso. Esperamos que no próximo POS, se remate esta obra hasta a escola Abuín de Tembra ou quizás, un pouco máis abaixo. Nos imos a votar a favor."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Si. A ver. Nós, como toda as personas, do pleno ou casi todas, vamos a votar sempre, a favor de que se fagan cousas como esta, interesantes para o concello.*

*Entendemos que se o BNG estivera no goberno, pois o mellor, priorizaría outras obras. Esta tamén, entendemos que é necesaria. Porque todo o mundo necesitamos, como levamos sempre desde o BNG pedindo, boas comunicacións. E non cabe dúbida, de que esto vai a aportar novas comunicacións para á veciñanza, sexa de onde sexa. Porque o fin o cabo, os camiños, non son nin de Imo nin de Teaio nin de Lestrobe. Os camiños, son de toda aquela xente que poida pasar por eles. É unha competencia do concello e polo tanto, houbera máis plans para facer máis axilmente. Polo tanto, o BNG vai a apoiar, como sempre, estas obras dos plans provinciais da Deputación."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas gracias. Bueno eu... Me parece que xa non máis debate.*

*Dicirlle, á portavoz do Partido Popular que efectivamente, hai moitas máis obras que nos gustaría facer a todos. Pero, os cartos son os que son, e dan para o que dan. Entón, hai que tratar de conseguir priorizar.*

*A pesar do dito por outro portavoz, pois si que temos, si que temos un plan e si que miramos polo que fai falta. De feito, acabamos de aprobar unhas obras do POS. Bueno, co apoio de dúas formacións, parece que son obras consensuadas e que máis xente da que forma o pleno, pensa que si que son necesarias da que non. Polo que estou entendendo que vamos pola boa vía, todos os que estamos aquí traballando a favor do concello e a favor de sacar adiante as obras. E non de votar en contra, por sistema."*

Procédese á votación
Votacións:
Votos a favor: 6



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción do dito acordo.

**6. CONTRATACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO DE DODRO. ADXUDICACIÓN.**

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

**"EXPTE**: 2021/C004/000001
**ASUNTO**: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS
**TRÁMITE:** PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN

O Pleno da Corporación municipal en sesión realizada o 20 de marzo de 2025 acordou, entre outros aprobar o expediente e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios, tramitación ordinaria, do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Dodro, cun orzamento de licitación para a duración de un ano máis dúas posibles prórrogas de 1.991.776,20 € (1.915.169,43 € máis 76.606,77€ de IVE), dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada (art. 22.1.c. LCSP) e tramitación ordinaria.



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O anuncio de licitación enviouse ao DOUE o 24 de marzo de 2025 e publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público o 26 de marzo de 2025.

A mesa de contratación permanente de asistencia ao Pleno reuniuse o 21/05/2025 a fin de examinar a documentación presentada polos licitadores para adxudicación do servizo, acordando suspender o acto ata que fose posible a comprobación da inscrición no ROLECE e/ou Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A mesa de contratación permanente de asistencia ao Pleno reuniuse o 28 de maio de 2025, acordando:
*"PRIMEIRO.- Admitir á entidade CIDI INTEGRALE S.A., con NIF.- A28479624.*
*SEGUNDO.- Admitir provisionalmente ás entidades RIVAS SOCIOSANIDAD SLU, con NIF.- B56829617 e OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS S.L., con NIF.- B70493275.*
*TERCEIRO.- Requirir á entidade RIVAS SOCIOSANIDAD SLU, con NIF.- B56829617 a fin de que, no prazo de 3 días, presente debidamente cumprimentado o apartado a) da Parte IV do DEUC.*
*CUARTO.- Requirir á entidade OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS S.L. con NIF.- B70493275 a fin de que, no prazo de 3 días, presente debidamente cumprimentado o apartado 25 do Anexo I."*

A mesa de contratación permanente de asistencia ao Pleno reuniuse o 02 de xuño de 2025, procedendo ao exame da documentación presentada tralos requirimentos e á apertura dos sobres B que recollían a documentación técnica presentada (criterios suxeitos a xuízo de valor), acordando:
*"PRIMEIRO.- Admitir definitivamente ás entidades:*
*5. RIVAS SOCIOSANIDAD SLU, con NIF.- B56829617*
*6. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS S.L. con NIF.- B70493275*
*SEGUNDO.- Remitir a citada documentación técnica enviada por cada unha das tres entidades licitadoras á traballadora social membro da mesa de contratación para a súa correspondente avaliación."*

A mesa de contratación permanente de asistencia ao Pleno reuniuse o 03 de xullo de 2025 a fin da valoración dos criterios baseados en xuízos de valor e acordou requirir ás entidades CIDI INTEGRALE S.A., con NIF.- A28479624 e OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS S.L., con NIF.- B70493275 a fin de que no prazo tres días naturais desde o envío do requerimento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público aclarasen os extremos que nos requirimentos se recollían.

A mesa de contratación permanente de asistencia ao Pleno reuniuse o 09 de xullo de 2025 e, previo informe da traballadora social, considerou que procedía a exclusión da licitadora RIVAS SOCIOSANIDAD SLU, outorgando as puntuacións dos criterios suxeitos a un xuízo de valor ás restantes entidades e procedendo á apertura e valoración dos criterios avaliables automaticamente no que constaban as seguintes ofertas presentadas polas entidades non excluídas:



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

## OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, SL.

CRITERIO 1. OFERTA ECONÓMICA

| Precio/hora | IVE (4%) | Precio total |
|---|---|---|
| 21,23 € | 0,85 € | 22,08 € |

CRITERIO 2. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE PODOLOXÍA

| Número anual de servizos ofertados |
|---|
| 300 |

CRITERIO 3. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE PERRUQUERÍA

| Número anual de servizos ofertados |
|---|
| 100 |

CRITERIO 4. CURSOS DE FORMACIÓN EN COIDADOS

| Horas anuais de formación<br>Para ser valoradas as accións formativas deberan achegarse ca especificación do temario a desenvolver. |
|---|
| 61 |

## CIDI INTEGRALE, SA.

CRITERIO 1. OFERTA ECONÓMICA

| Precio/hora | IVE (4%) | Precio total |
|---|---|---|
| 21,19 € | 0,85 € | 22,04 € |

CRITERIO 2. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE PODOLOXÍA

| Número anual de servizos ofertados |
|---|
| 300 |

CRITERIO 3. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE PERRUQUERÍA



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

| Número anual de servizos ofertados |
|---|
| 100 |

CRITERIO 4. CURSOS DE FORMACIÓN EN COIDADOS

| Horas anuais de formación<br>Para ser valoradas as accións formativas deberan achegarse ca especificación do temario a desenvolver. |
|---|
| 62 |

A citada Mesa efectuou proposta de adxudicación, adoptando os seguintes acordos:

*"PRIMEIRO.- Excluír do procedemento á entidade licitadora RIVAS SOCIOSANIDAD SLU, de acordo co informe da traballadora social de data 02/07/2025 no que se indica que "na páx. 24 do seu proxecto inclúe o anexo 6 con información económica de tarifas e prezos hora do servizo, polo que debe ser excluída do proceso; tal como se establece nos pregos de cláusulas administrativas, apartado 18: Documentación a presentar: "...A documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan avaliables de forma automática mediante a aplicación de fórmulas NON deben incluírse nos arquivos electrónicos que conteñen a documentación relativa aos criterios avaliables mediante xuízos de valor. A infracción deste mandato dará lugar á exclusión da persoa licitadora sempre que iso implique o coñecemento da oferta".*
*SEGUNDO.- Admitir ás entidades OSVENTOS INNOVACIÓN E SERVIZOS S.L. e CIDI INTEGRALE SA.*
*TERCEIRO.- Efectuar a seguinte avaliación das ofertas presentadas ca seguinte orde de prelación:*

| *Orde* | *ENTIDADE LICITADORA* | *PUNTUACIÓN CRITERIOS SUBXECTIVOS* | *PUNTUACIÓN CRITERIOS OBXECTIVOS* | *PUNTUACIÓN TOTAL* |
|---|---|---|---|---|
| *1* | *CIDI INTEGRALE, SA* | *28* | *60* | *88* |
| *2* | *OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, SL* | *23* | *59,91* | *82,91* |

*CUARTO.- Propoñer a adxudicación a favor da entidade CIDI INTEGRALE SA con CIF A28479624 en canto mellor valorada, así como o requerimento á mesma para que no prazo de DEZ (10) días hábiles presente a documentación prevista no PCAP."*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Efectuada a antedita proposta, o Pleno da Corporación municipal en sesión realizada o 17 de xullo de 2025 acorda:
*"Primeiro.- Aceptar a proposta de adxudicación remitida pola mesa de contratación trala sesión realizada o 09/07/2025.*
*Segundo.- Requirir a CIDI INTEGRALE SA con CIF A28479624, en canto entidade licitadora que presentou a mellor oferta a fin de que no prazo de dez días hábiles, desde aquel no que reciba o requerimento presente a documentación prevista na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

O 18 de xullo de 2025 efectúase o citado requerimento á entidade CIDI INTEGRALE SA que procede á presentación da garantía definitiva o 28 de xullo de 2025 mediante escrito con Rexistro de entrada número 202599900000695 así como á presentación da restante documentación o 31 de xullo de 2025 a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Con data 29 de agosto de 2025 reúnese a mesa de contratación permanente de asistencia ao Pleno a fin da do exame da documentación presentada polo licitador, acordando prestar conformidade á documentación presentada por CIDI INTEGRALE, SA, con NIF.- A28479624 en relación á adxudicación do contrato de "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO DE DODRO", expediente 2021/C004/000001, por considerala completa e xustificativa dos requisitos.

Emitido informe de fiscalización por parte da secretaria-interventora con data 04 de setembro de 2025, considerando o disposto na cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas particulares e no artigo 150 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do sector público, e ao abeiro do recollido no artigo 22.2 da Lei 7/1985 de 5 de abril e na DA 2ª da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.**- Adxudicar á empresa CIDI INTEGRALE, SA con CIF A28479624, o contrato do Servizo de Axuda no Fogar a persoas dependentes valoradas do Concello de Dodro, polo importe de importe de 610.272,00 € máis 24.480,00 € de IVE (total 634.752,00 €) anuais, cunha duración de un ano prorrogable por outros dous, consonte á oferta presentada.

**SEGUNDO**.- Dispoñer o crédito por importe de 158.688,00 € para o período de outubro a decembro de 2025 con cargo á aplicación orzamentaria 2311/22799 do vixente orzamento de gastos.

**TERCEIRO.**- Advertir ao adxudicatario que debe acreditar o cumprimento das correspondentes obrigas recollidas no Prego de cláusulas administrativas particulares e no Prego de prescricións técnicas con carácter previo á formalización do contrato.

**CUARTO**.- Nomear responsable do contrato á traballadora social municipal.



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**QUINTO**.- Notificar o acordo á empresa adxudicataria do contrato e citala para a sinatura electrónica do contrato que terá lugar unha vez transcorridos 15 días hábiles desde a notificación ás licitadoras.
Unha vez formalizado o contrato, enviarase o anuncio de formalización ao Diario Oficial de la Unión Europea no prazo de dez días desde a formalización; unha vez publicada no DOUE, publicarase a formalización no perfil do contratante do órgano de contratación debendo indicarse a data de envío a aquel diario.

**SEXTO.**- Publicar o presente acordo de adxudicacion no perfil do contratante do órgano de contratación aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

**SÉTIMO**. Remitir ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma dunha copia certificada do documento no que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente, dentro dos tres meses seguintes á formalización de aquel, para o exercicio da función fiscalizadora.

**OITAVO.-** Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei de Contratos do Sector Público.

**NOVENO.-** Comunicar a empresa adxudicataria e demais empresas licitadoras que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, de acordo co artigo 44.2 c) da LCSP, poderán interpoñer o recurso especial en materia de contratación previo á interposición do contencioso-administrativo, sen que proceda a interposición de recursos administrativos ordinarios. A interposición deste recurso especial en materia de contratación ten carácter potestativo e gratuíto para as empresas recorrentes.

A interposición do recurso efectuarase no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte a aquel no que se teña notificado este acordo de adxudicación, de conformidade co disposto na disposición adicional decimoquinta da LCSP, as empresas licitadoras que tiveran sido admitidas no procedemento.

O órgano competente para a resolución do recurso especial en materia de contratación é o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, modificada por Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación so caberá a interposición do recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, conforme ao disposto no artigo 10 e no artigo 11 da Lei 29/1998, do 13 de abril, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

Malia o anterior, poderá impugnarse directamente este acto administrativo de adxudicación ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa (art. 123.1 da



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

LPAC). Para tal efecto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acordo, o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela.

*Documento asinado dixitalmente*
*O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Este é o paso final do procedemento de contratación do Servizo de Axuda no Fogar. É a terceira vez que esto se trae a pleno. A última quedou aprobada por este pleno y quedaba pendiente de achega de documentación. A achega de documentación produciuse tal e como establece a mesa. E creo que o único que falta é este voto... esta decisión final. Portavoz do Partido Socialista."*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"Si. Bueno ratificar... aprobar a proposta y bueno tal cal, como considerou a Mesa de Contratación."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moi ben. Portavoz da Agrupación Política de Xente de Dodro."*

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"Bueno. Presentamos no seu día, a nosa oposición. Porque, non nos queriamos ver implicados nesta contratación que todo apunta a que vai a ser conflitiva. Pero bueno, tamén o debe de apuntar así, os responsables desta contratación, porque esto de nomear responsable dun contrato de 600 e pico euros, casi 700.000 euros, nada máis ni nada menos que á traballadora social do municipio,. É dicir, ahora resulta que a que máis sabe de contratación no concello, é a traballadora social municipal. Mentres que a que gana 60.000 euros, esa queda fora. É curioso non? O sea, quen ten a responsabilidade de contratación administrativa, quen ten a responsabilidade de velar pola cumplimento orzamentario, resulta que queda fora deste contrato.*

*E aquí proponse que se nomee o responsable do contrato, nada máis e nada menos, que a traballadora social municipal, dun contrato, do maior contrato que ten o concello de Dodro.*

*Ahora resulta que é responsable do contrato a traballadora social municipal. E bueno, non nos comprometemos, non nos quixemos comprometer.*

*No día de hoxe, pois nos chegaron noticias, novamente, de que este contrato non contén determinadas partes económicas, que deben de ter incluídas. Y bueno, pois, o que nos depara... ahora estes dous anos. Pero bueno, son vostedes os que apoian. Polo tanto, son vostedes, os responsables do que suceda de aquí en diante."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Partido Popular."*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Si. Nós ímonos a manter na... liña que tivemos nesta ... en todo o proceso desta contratación."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moi ben. Portavoz de Unidade Veciñal."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Si. Pois nós tamén vámonos a manter na liña que tivemos nestas últimas votacións. Nós sempre estibemos a favor da municipalización e como tal, non imos a votar a favor."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Si. Nós adiantamos que si vamos a votar a favor. É unha contratación que non era sin tempo que se trouxera aquí. Vemos como o grupo de goberno do Partido Socialista, dilatou esta necesidade que tiña. Esto non vai a supoñer para as familias que vaia a ser unha panacea, evidentemente. Porque aquí estamos falando dun contrato, no que a outra parte e a Xunta de Galicia, quen ten que atender e quen ten acudir tamén para a xente maior para que se poida efectivizar este tipo de de traballos.*

*Entendemos que, con luz e taquígrafos, está feito, poderá... poderá haber algún erro, sempre pode haber cousas, pero eu entendo que desde o concello e desde a empresa, estarán a tempo para subsanalo.*

*E acabo como empezo, é decir, non era sin tempo, e polo tanto vamos a apoiar isto."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *" Moitas gracias. Bueno, nós vamos a decir que costounos bastante traballo. É un proceso, foi un proceso laborioso, largo e sacouse a diante. Bueno, esperemos que teña un final feliz, e hasta aquí podemos falar. Pasamos a votación."*

Procédese á votación:

Votos a favor: 4
- 1 BNG
- 0 PP
- 3 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
- 0 BNG
- 0 PP
- 0 PSdeG-PSOE



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Simple
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

**7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO 2025-2026**

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

**"EXPEDIENTE: 2025/X999/000066**
**ASUNTO: Plan económico-financeiro 2025-2026**
**TRÁMITE: Proposta da Alcaldía**

Mediante Decreto de Alcaldía núm. 92/2025 de data 26/02/2025 apróbase a liquidación do orzamento municipal 2024, onde se pon de manifesto o incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e regra do gasto.

En caso de incumprimento das regras fiscais, establécese a necesidade de formular un plan económico financeiro que permita, no ano en curso e o seguinte, o cumprimento da estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEPSF.

Visto o Plan económico- financeiro proposto por esta Alcaldía o 05/09/2025, considerando que dito plan é conforme ao determinado nos artigos 19, 20 e 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, así como tamén ao disposto no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, na parte que é de aplicación ás entidades locais.

Visto o informe de Intervención núm. 140-2025 de data 05/09/2025, en sentido favorable.

No uso das facultades que me confire a normativa vixente, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello de Dodro para o



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

período 2025-2026, nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal e ao Ministerio de Facenda a través da plataforma PEFEL no prazo de cinco (5) días naturais.

**TERCEIRO.-** Levar a cabo a publicación deste plan seguindo as mesmas normas que as que resultan de aplicación para os Orzamentos das entidades locais, mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Dodro.

*Documento asinado dixitalmente*
*O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"A confección dun plan económico-financeiro neste exercicio, ven dado, polo exercicio fiscal do ano 2024. Obtívose un... O resultado da conta xeral do ano 2024, arroxou a obrigatoriedade da presentación dun plan económico-financiero que se trae para este ano 25-26 y realmente, teñen todos os concelleiros a documentación. Expresase moi ben no punto 6º de... na proposta de plan económico-financiero. Na última frase, nas últimas líneas, dise que non vai a haber aumento de ingresos tributarios no exercicio 2026 e que vamos a conter o gasto no capítulo 2. Que quere decir esto? Que non ... non supón ningún prexuízo para o concello,a elaboración deste plan económico-financiero que xa se contempla no orzamento do ano 2025 que aprobouse, como vostedes saben, daquela maneira. Con ceñirse, o máximo posible, ao presupostado, ao orzamentado para este ano 2025 que hasta ahora vamos no bo camiño, pois non tería ningunha consecuencia para os veciños e para as veciñas de Dodro.*

*E ahora pois, doulle a palabra, un turno a cada portavoz. Portavoz do Partido Socialista."*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"Nada, xa esta todo dito, o que dixeste ti."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Gracias Moncho. Portavoz da Agrupación Xente de Dodro."*

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"Bueno este Plan financiero, ven dado pola pésima xestión económica deste mini goberno, entre 3 concelleiros. Y non é máis que, o que xa adiantabamos, no pleno do mes de abril. É decir, según vostedes, o contrato do servicio de asistencia no fogar que pasa de 480.000 a 663.000. E vostedes din que, esa diferencia que son, pois casi 200.000 euros... que bueno, que como esperan ingresar, 58.000 euros máis da Xunta... que xa quedan... É decir, vostedes, un déficit de 200.000 euros, resólvenos cunha aportación de 58.000 euros, esto é o que din vostedes. Porén*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*no orzamento de servizo de 2025, consignouse a cantidade de 663.000 euros, contra os 480.000 que están previstos. Tamén se preveu o aumento dos ingresos no capítulo 4 de 58.000 euros, eso dino vostedes... Non sei de onde van sacar esa diferencia.*

*Despois é que, quero volver, quero recordar... o que dicían vostedes sobre a RPT que por certo, Unidade Veciñal está aí, en precisamente que se contraten máis e se gasten máis... Bueno é que Unidade Veciñal sempre é así, é gastar.. o de crear ingresos, eso non entra no seu... no su panorama, non?*

*Y entonces, falaba vostede, do incremento que iba a supoñer a RPT, 160.000 euros e decían: "no bueno é que para a plaza de arquitecto non a conten é, non a contén que de momento non a imos a crear", a ver o que pasa despois, se a crean ou non a crean.*

*Entonces van aumentar o gasto, aumentouse o gasto do SAF, aumentase o gasto ca RPT en 160.000 euros e todo o que nos din, é que esperan ingresar 58... 58.000 euros máis, da Xunta de Galicia. Eso é como o pretenden vostedes solucionar. Despois, nos presentan aquí, un plan económico- financieiro que bueno, esto... eu a verdade para elaborar esto, é decir, esto son 2 líneas... Imaxinen a complexidade que ten elaborar esto. Vamos alí, lle poñemos tanto aquí, tanto alá e xa está, aquí non hai un desglose, non hai unha explicación... E resulta que din vostedes que no ano 2025 esperan gastar 3.030.000 euros... Pero é que o mellor ven despois; porque despois, din vostedes que no ano 2026 a estimación de gastos é de 2.755.000. É decir, casi 300.000 euros menos. De 2025 a 2026, vostedes esperan gastar casi 300.000 euros menos, incrementando RPT en 160.000 euros e incrementando o SAF en casi 200.000 euros. Pero o que non nos din é, a parte deses 58.000 euros que esperan vostedes ingresar pola Xunta, non sei si xa o saben ou xa llo dixeron... Bueno, confiemos en que sexa así, de onde van quitar o resto dos ingresos? En que partidas...."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Señor Alfonsín, remate."*

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"En que partidas vostedes."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Señor Alfonsín, rematou vostede ou seu turno."*

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"En 300.000 euros tendo en conta..."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas gracias."*

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"Que emprega 160 en RPT."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Señor Alfonsín, gracias...."*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"E 200.000..."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"É unha pena que non sexa vostede algo máis rápido na sua exposición. Grazas."*

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"Para que o colla e pa que o colla, para que asuma."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz, portavoz do Partido Popular...."*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"Non sei como chegaches..."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Partido Popular."*

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"Porque moi rápido non o colle eh!..."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Partido Popular."*

**Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro:** *"Porque máis rápido non o entende."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Partido Popular, por favor."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Si. Presentan un plan moi revelador, no que o máis importante, é que incumpren a regla de gasto e incumpren a estabilidade orzamentaria. Esto é o que se resume de este plan que traen vostedes aquí. Adquiren o compromiso de que non van volver incumprir no ano 26, temos serias dúbidas o respecto, esperamos a ver que medidas toman. Visto o que plasman aquí, nós cremos que o que vai a facer este equipo de goberno, é como xa anunciou o señor alcalde en algunha ocasión, é subir os impostos aos veciños pa poder xerar máis ingresos. Porque outra explicación, a verdde é que nós, non lle vemos. Nós imos a votar en contra deste plan, claro."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moi ben moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal por favor."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Si. Bueno claro. Este plan económico-financieiro ten... ven por varias causas, sobre todo. Sobre todo, tamén, unha das causas que non se dixo aquí foi que non se aprobaron os orzamentos en 2024 e había partidas que non se contemplaron evidentemente. Despois, como se pode facer para para aumentar os ingresos? Pois é moi fácil, moi fácil, cobrarlle o ICIO ás empresas que se están instalando aquí. O outro día,*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

*saíu na prensa unha empresa que se gastou 8 ou 9 millóns de euros e o concello non veu nada dese... non veu ningún ingreso deso. Imaxino que terán en mente no futuro, pois esas empresas que se están instalando aquí que están gastando auténticas millonadas. Que o concello lle ingrese polo... que o concello ingrese polo menos, o ICIO correspondente evidentemente. Como vemos que esto, máis ben é unha cuestión técnica e non unha cuestión política e que é obrigatorio, pois desde Unidade Veciñal, imos a votar a favor, claro."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"A ver, é certo que o servizo vai ser máis caro, cando estamos a falar deste plan económico-financiero, sobre todo, polo punto que acabamos de aprobar agora. Chegaron tarde as facturas, é certo que bueno, o BNG non está aquí para levantar a man sen máis e dicirlle non a todo canto se lle ocorre. É todo o contrario, o BNG sempre está para propoñer cousas e apoiar aquelas que estean ben. Os do non, está claro que é outra xente.*

*É certo que é un goberno en minoría, temos estes desaxustes, debido a xustamente, díxose aquí xa que é o que lle pode pasar a un goberno en minoría, o máis curioso é que xa pasou antes, no concello de Dodro. Pasou co Partido Popular no goberno, eran maioría absoluta con 6 concelleiros. Entón, eu creo que hai que ter un pouco de memoria histórica, por parte do Partido Popular, sempre. E por suposto, a declaración de intencións que nos queda aos que formamos parte deste pleno, é que desde logo, téñense que poñer a traballar desde o equipo de goberno para buscar cartos e que isto non suceda."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas gracias. Eu simplemente especificar 2 cousas.*

*Efectivamente, incumpliuse a regla de gasto, polo sucedido no ano 2024, como moi ben dixo o responsable, o portavoz de Unidade Veciñal. Por estar cuns orzamentos prorrogados e cunha alza importante, do servicio de axuda no fogar. Era imposible cadrar eses gastos. Foron 3 facturas, da empresa de servicio de axuda no fogar que tuveron que trasladarse para o exercicio 25 y hubo que facer, como non había dotación orzamentaria efectivamente no ano 24, eso foi o que xerou a... unha das cousas que xerou a desestabilización esta. Este ano, no orzamento de 2025 contemplase todo eso, incluído contémplase, esa subida de ingresos que moi ben agardamos todos, como tamén dixo o voceiro de Unidade Veciñal; agardamos todos que tampouco era nada doutro mundo, agardar por 58.000 euros que reclama da Xunta de Galicia o portavoz de Xente de Dodro. Evidentemente, aumentar os precios poderá, a Xunta de Galicia tamén aportar a súa... aumentará a sua aportación para costear este servicio.*
*E bueno, pensamos que a diferencia nosa, deste mini goberno, como nos está chamando... cambio de nome, casi prefiero esta... esta... esta denominación que non a que usaba anteriormente que tiña bastante peor gusto, non? A denominación de mini goberno, pois que lle vamos a facer é o que temos. Pero*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*fíxese vostede, a min, a diferencia de vostede, cando o seguinte regidor deste concello acuda a páxina de de do ministerio para introducir os datos das contas, non lle vai salir un aviso que me di a min: "tienes que presentar el plan económico-financiero del año 2014", quen gobernada Dodro en 2014? Este señor y con esta señora de teniente alcalde. No deja de ser curioso que lo que ustedes, dígoo en castellano para que se entenda. Que o que ustedes non foron capaces, si e que vaime alí cando me cando me altero a verdade é que si. Lamento, lamento a confusión. Que vostedes, o que non foron capaces de facer no ano 2014, nós si seamos capaces. Y me parece de honradez traelo ao pleno que é o que hai que facer. Esa é a diferencia entre vostedes e nós. Esa é a diferencia, contas claras tráense aquí, asúmense os erros e trátase, e trátase de emendar á vista de todo o mundo. Hai unha diferencia importante entre uns e os outros.*

*Y agora si vos parece, vamos a proceder a votación, por favor."*

Procedese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
- 1 BNG
- 0 PP
- 3 PSdeG-PSOE
- 2 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
- 0 BNG
- 2 PP
- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
- 0 BNG
- 0 PP
- 0 PSdeG-PSOE
- 0 Unidade Veciñal de Dodro
- 0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Absoluta
Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

**C) MOCIÓNS:**

**C.1) MOCIÓNS ORDINARIAS:**



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

## 8. MOCIÓN DE UVD PARA A COBERTURA DAS PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NA RPT

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que se transcribe literalmente a seguir, do que da lectura o voceiro de Unidade Veciñal, Xoán Xosé Vicente Franco:

Rebeca Rial Diz, e Xoán Xosé Vicente Franco como concelleiras da Unidade Veciñal de Dodro na corporación municipal do concello de Dodro, someten a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O persoal municipal constitúe un dos principais valores cos que conta o Concello de Dodro, tanto para a prestación de servizos básicos á veciñanza como para o mantemento das instalacións municipais de uso común.

No último ano foi aprobada unha Relación de Postos de Traballo (RPT) que define as necesidades de persoal imprescindibles para garantir o funcionamento adecuado do Concello. Dita RPT incluíu a incorporación dun arquitecto/a a tempo completo e unha actualización retributiva en liña coas funcións desempeñadas, tamén das categorías máis baixas, unha mellora que foi impulsada pola presión e iniciativa da Unidade Veciñal de Dodro e da que nos sentimos orgullosos.

Porén, nos últimos anos, debido a xubilacións e outras circunstancias, varios postos contemplados na RPT permanecen vacantes e deben ser cubertos con urxencia. No canto de proceder á súa cobertura mediante a contratación de persoal municipal, o actual goberno do PSOE optou por privatizar determinados servizos, como é o da limpeza, encargando a súa realización a unha empresa externa, da que nin sequera se informou con claridade do tipo de contratación realizada.

A perda de persoal propio tradúcese inevitablemente nun deterioro da calidade dos servizos municipais, tanto na limpeza de colexios e dependencias, como no mantemento da iluminación pública, limpeza de aldeas e equipamentos municipais.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Dodro propón o seguinte

ACORDO:

1. Instar ao goberno de Dodro a que antes de tres meses, tramite a oferta de emprego público correspondente ás prazas vacantes incluídas na RPT.

2. Instar ao goberno de Dodro a que no prazo dun ano publiquen as bases dos



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

procesos selectivos para cubrir ditas prazas.

3. Insta ao goberno de Dodro a que no prazo máximo de dous anos o Concello de Dodro rematen os procesos selectivos que permitan cubrir a totalidade das prazas vacantes na actualidade.

Abandonan o salón de plenos os voceiros de Xente de Dodro.

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Socialista."*

**Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista PSdeG-PSOE:** *"Si. Bueno, a exposición de motivos me parece ben. Pero bueno, eso de atribuírse que foi impulsada pola presión e iniciativa de Unidade Veciñal de Dodro, me parece un pouco atrevido, non?*

*Bueno, que se sintan orgullosos, me parece ben que salgan adiante o da relación de postos de traballo, pero como ben deben saber, vai entrar en vigor no vindeiro mes de outubro. Así é como quedou establecido xa daquela. Con respecto á cubrición das prazas, hai que tamén lembrar que a Oferta de Emprego Público é de carácter anual y ahora así se fará. Y según o que así se entenderá, según os tempos que se marcan y así saldrá. E tamén quero avanzarlle que como decía, me parce ben que se interese por esto, pero que o Grupo Municipal Socialista vaise abster."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas gracias. Portavoz do Partido Popular."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Gracias. Bueno, aprobouse a RPT cos seus votos a favor, no pasado mes de xullo, en xullo e, apenas dous meses, despois e sin entrar en vigor a RPT, presentan vostedes esta moción, dándolle o prazo de un ano para que publiquen unhas bases, un ano danlle vostedes un ano.*

*Vostedes veñen a presentar unha moción, aos 2 meses correndo, pero danlle de prazo... bueno, tendes para sacar as bases todo un ano, pero o que é máis grave é que lle dan 2 anos para rematar os procesos e cubrir as prazas. O sea que vostedes, queren que cubran as prazas, pero dinlle aquí no acordo que "instan o concello de Dodro que no prazo máximo de 2 anos, rematen os procesos selectivos e que cubran a totalidade das prazas". Traballan vostedes así? Porque ese tipo de xestión... Tardan vostedes 2 anos en convocar unhas prazas e cubrila? Parece máis ben que presentan esta moción a modo oportunista para vender que aprobaron esta moción grazas a vostedes e despois, as prazas vanse a cubrir gracias a que vostedes presentaron esta moción. Porque si non, realmente o que teñan que vender vostedes é que tardan 2 anos en sacar unha praza e cubrila. Eso chámase un despropósito en xestión. Nós non imos a aprobar esto, porque parécenos que realmente, non, non o deberon de pensar, ben cando a presentaron. Se non, non ten moita lóxica. Non ten lóxica que lle*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

*diga ao Concello que lle diga ao equipo de goberno que saque nuns plazos, e que cubran as plazas dunha RPT que se vai a aprobar aínda o mes que ven e vostedes xa presentan a moción, pero que teñen 2 anos pa cubrilas. Home... Cun pouco de suerte, a ver se as cubren outros, porque dentro de 2 anos... casi, casi, xa non lles toca a este equipo de goberno. Tocaralle a outros, serán eles ou serán outros, pero os plazos, non nos dan."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Gracias. Portavoz de Bloque Nacionalista Galego."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Si. Imos ver, a nós parécenos que é unha moción, así un pouco estraña, ou non sei si... aquí chamóuselle oportunista, eu creo que é para encher o pleno, no capítulo de mocións ordinarias. E o BNG entende que primeiro, bueno, o BNG non, se non, todo o mundo sabemos que vai a entrar a RPT en outubro. O que entendemos é que a partir de outubro, si que os mecanismos que se necesitan para atender á veciñanza, sobre todo do que falan aí, do... en concreto, do posto de arquitectura que se vai a desenvolver, porque? Porque é una necesidade, unha das cousas que máis reclama a veciñanza agora mesmo de Dodro, é que non hai un arquitecto a tempo completo. É unha necesidade que ninguén dos de aquí, se pronunciou nel, niso e si foi o BNG no ano 2018, quen propúxolle daquela ao PP que estaba no goberno que a incluirá na RPT. Ahora si está, co apoio do equipo de goberno, co apoio de Unidade Veciñal e por suposto, co apoio BNG que a... que a solicitou, xa daquela, no ano 2018.*

*Polo tanto, non lle encontramos moito... moito sentido a que se... parece que lle recorde, hai que facer esto. Eu creo que o equipo de goberno, si ben sabe que hai desenvolver a relación de postos de traballo, pero claro, é a partir do mes de outubro. Podía estar antes feita, a relación de postos de traballo, e xa poderíamos ter o que é a plaza de arquitectura e outras cousas por cubrir. Non cabe dúbida.*

*Non sei, non sei moi ben a intención da da da moción. De tódolos xeitos, si, nós queremos que se cubran as prazas. Nós... nós... podría decir, os prazos. Eu non me atrevo, como portavoz do BNG, non me atrevo a decirlle cales son os prazos. Eu, atreveríame a poñer na moción que canto antes xa. Non é para hoxe, é para onte. E aínda así, si estamos a favor de que, canto antes se empece a desenvolver esto que se puxo e nós puxemos, uns cuantos de acordo para que Dodro, desde logo que avance. E por parte do BNG, non vai ser menos."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Moitas gracias. Un último turno o portavoz de Unidade Veciñal."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Si. Simplemente lembrar o que nos costa, por exemplo, o servizos de limpeza, por non estar cuberta unha praza de limpadora. Sabemos que, unha empresa privada que se encargou da limpeza, facturou no mes de xuño, por 105 horas de traballo, 2.370,00 euros. Unha traballadora, posiblemente a vacante que temos, ou unha que estea de baixa, unha que estea traballando habitualmente, según convenio,*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

*normalmente pode facer 150 horas. Esto é o que nos... creo que é suficiente é razón suficiente para convocar a praza.*

*Tamén temos o problema de servicios varios. Aquí o concelleiro de obras, pleno si e pleno tamén, hoxe aínda non o fixo, pero bueno; sempre se queixa que non teñen operarios suficiente e traballos que non se poden facer, porque non hai operarios. Temos unha vacante, por exemplo, unha vacante de electricista de... que precisamente é o que queda, o de operario de... temos dous... dous operarios de servicios vario varios, temos dous en propiedade e temos unha vacante, por exemplo e queda o de oficial electricista que esta vacante tamén e temos o de operario... o de unha limpiadora que hai dúas en propiedade e unha vacante. Eu creo que é que é razón suficiente para convocar canto antes, canto antes, estas prazas.*

*E di a portavoz do PP que... que dous anos lle parecen moito, que lle parecen moito dous anos. Parece que esta de acordo, pero non está dacordo no tempo que sexa... que sexa antes. Nós, si o goberno o quere facer antes, nós non lle imos a poñer impedimento ningún. O sea, se o quere facer para o mes que ven ou o mes seguinte de aprobar a RPT, por nós non hai problema. Nós puxémoslle un prazo máximo de dous anos antes de que acabe a lexislatura, pero pódeno facer cando queiran. Eso non, non é obligatorio. E vostedes, según dixo, están de acordo que se convoquen, pero non están de acordo nos anos. Pois, si o convocan, si son capaces a convocalas canto antes, pois mellor. Entonces, están de acordo ca moción. Eso... tamén sabemos os medios que ten este Concello, non o vai, non o vai a facer dun día para outro. Esto vaille levar o seu tempo, entre que se convocan as bases e todo, pois eso lévalle o seu tempo.*

*Outros tamén que están de acordo o BNG, o portavoz do BNG, o BNG está de acordo tamén e di que non encontran sentido, a que se cubran estes postos de traballo, acaba de decilo. Pero que están de acordo, están a favor de que se... de que se convoquen. Non sabemos ahora o que votarán, se están a favor. Uns, os do PP, por culpa do tempo que lles parece moito e os do BNG, porque non lle encontra sentido... pois non sabemos. Eles mismos que voten o que queiran."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Bueno. Eu boas tardes outra vez. Mire, eu vou decir dúas cousas.*

*Aclarar o tema da limpadora, como vostede di, o que se produxo, foi unha incapacidade transitoria dunha trablladora do Concello que, ao non ter lista de traballador de traballo temporal, lista de bolsa de traballo para poder contratar inmediatamente, sabe que a a nosa opción é esa, estámolo facendo en todos os postos que podemos. Neste en concreto, non fomos capaces. Tampouco a houbo na consolidación, no proceso de consolidación, non veu nadie a presentarse para limpiadora. Se non, houbésemos tirado desa persoa. E ante a situación dunha baixa, dunha IT, tuvemos que tirar dunha empresa externa, precisamente para non deixar sen atender a limpeza no Concello. A falta que vostede di dunha limpadora, recórdolle que non é tal. Na RPT, se contemplan limpiadoras. Unha delas que estaba fixa por sentencia, pasou a formar parte da RPT, esa é a*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*limpiadora que a vostede non lle encaixa, vamos. En todo caso, como moi ben dixo o meu portavoz, o noso portavoz directamente, non vamos a instarnos a nós mesmos, vámonos a abster evidentemente.*

*Pero xa lle garantizo que no mes de octubro, tan pronto sexa posible, intentaremos, iniciaremos o proceso de contratación do arquitecto a tempo completo e tan pronto finalice o ano que e cando se fan as... e nós permita a taxa de reposición, que esa é outra. Os concellos desde, hai tempo non poden, ampliar as plantillas no que no que lles parezca. Están suxeitos a un, a un problema de taxa de reposición, entonces estamos limitados. É máis, os últimos orzamentos que levou o Partido Socialista ao parlamento, incluía a eliminación da taxa de reposición. Lamentablemente, non foron aprobados como nós, como todos os que estamos aquí sabemos, polo que fora eh!, polos votos de que á xente non lle apetecía. Entón, o compromiso é ese, pero xa era antes da presentación da moción, xa era antes da presentación da moción. É máis, intentaremos reducir os plazos no posible e intentaremos contratar a todo o mundo que se poida. Xa digo que permita a taxa de reposición e que permitan os orzamentos municipais.*

*E creo que unha vez aclarado esto, podemos pasar á votación da moción."*

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 3
1 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Abstencións: 3
0 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría Simple
Estado Proposta: Aprobada



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

O Pleno da corporación, en votación ordinaria acorda por maioría simple dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

**D) CONTROL DE GOBERNO**

**9. ROGOS E PREGUNTAS.**

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Punto seguinte da orde do día, mocións urxentes, non hai ningunha. E preguntas... Bueno, punto seguinte, control de goberno, rogos e preguntas. Hai 3 preguntas presentadas pola Unidade Veciñal, de xeito escrito e cando queiras. Eu teño por orden que saliron as...a grande...."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"As pendentes, van despois ou non?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Perdón?"*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"A pendente que estaba que era de hai... Vai o final ou non?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Pero... creo que...."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Bueno, a min dáme igual."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Creo que vai quedar contestada a anteriormente, entón como queiras ti."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Bueno, vale, vale."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Así, polo menos lees estas, porque si contesto, si contesto a pendiente... xa quedan, xa estas non teñen sentido. Entonces, me parece mellor que as leas e así contesto a outra, vale?"*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"No ano 2013, este Concello, asinou un convenio urbanístico coa empresa Fesba, sobre a modificación puntual do PXOM de Dodro para o desenvolvemento dun ámbito do solo urbanizable, do entorno aquí de Salvanxe. Despois de doce anos da firma de ese convenio, unicamente se fixeron unhas obras nas pistas da concentración parcelaria e están pendentes unha rotonda na estrada AC-305 e a súa urbanización. Pode facernos unha breve cronoloxía, das actuacións do goberno, desde que tomou posesión do mesmo? E,en que fase están os trámites actualmente?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Pois si. Mire primeiro efectivamente, desde o ano 2013 asinouse o convenio, pero o proceso xa viña do ano 2012. Quero decir que de 13 anos de procedimiento, eu solo, ou solo son*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

*responsable dos últimos seis. É curioso, hai máis xente que tamén é responsable dos anteriores seis anos. Ahora mesmo, está en proceso de expropiación, está informado por o técnico municipal. A expropiación, solo hai dous propietarios afectados y que sería... no perdón dúas fincas, non dous propietarios. Unha finca cun propietario e outra finca con varios propietarios. O proceso de expropiación está a falta dun informe... dun informe y se iniciaría de xeito inmediato. Despois, o proceso seguinte é a contratación da obra que a... a contratación que estamos vendo, si corresponde ou si o fai a empresa directamente, se o permite a lei que así sería moito máis rápido, que as finalizaran. Si o ten que o concello, supón un coste de traballo e unha carga extra, estamos intentando que o fagan directamente a empresa, a construción e tal."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"A expropiación faina o Concello ou faina a Xunta?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"A expropiación faina o Concello, a expropiación faina o Concello. Si, si é o que está, digamos, un pouco nese trámite."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** "*Vale.*"

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Mima! Aínda vai pa largo, esto."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"A expropiación para a rotonda que realmente é o que se complicou. Que había un primeiro proxecto, logo a Xunta mandou outro segundo proxecto, logo bueno, esto complicouse demasiado si."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Ben."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Cal é a seguinte pregunta? A larga esta, parece que é razonable."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Non a seguinte é... a seguinte. Actualmente, estase a construír, por parte dunha empresa cárnica, unha estación de depuradora de augas residuais cunha capacidade que excede a propia do concello de Dodro, no lugar do Redondo, segundo nos informa a veciñanza. Esta depuradora está emprazada no leito dun río e na zona de policía que corresponde a sua zona de vixilancia a Augas de Galicia. No concello non existe, a día de hoxe, ningún expediente de obra iniciado, polo que entendemos que estas obras carecen de licencia urbanística nin de informe sectorial de Augas de Galicia. Está o goberno informado de estas obras ilegais? E en caso positivo, vai solicitar a reposición da legalidade urbanística?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Si quere ler, si quere ler a segunda, xa son as dúas contestacións moi parecidas. Eu, casi me parece que si queres ler estas...."*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Leo a outra tamén?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Si, si."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Vale.*
*Fai uns meses, moi dilixentemente, como ten que ser, o concello de Dodro, mandou unha comunicación... a estou lendo... estaba lendo co micro pechado."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Ah!"*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Fai uns meses, moi dilixentemente, como ten que ser, o concello de Dodro, mandou unha comunicación á Asociación de Veciños de San Xoán de Abuín de Laíño para que regularizarán unhas obras que consistiu nunha substitución dun tiro de chimenea de metal en mal estado, por un novo. E que presentara a comunicación previa e pago do correspondente imposto de construción, instalacións e obras de aproximadamente, 60 euros. Que dita asociación de veciños, procedeu ao pago e a regularización. Estes días, sabemos pola prensa que unha empresa cárnica que se está a instalar no concello de Dodro, ven de facer unha inversión entre 8 e 9 millóns de euros e que levan facendo obras desde fai 4 anos. Segundo a documentación solicitada no concello, ningunha das obras que se fixeron ou están facendo, cámaras, sala de despiece, salazón, matadoiros, fábrica de embutido e sala sala de envasado de carne, entre outros espazos. Ningunha delas, ten título habilitante ou licencia de obra, polo que se pode considerar ilegais. Tampouco, a día de hoxe, hai ningunha documentación no Concello nin en ningunha acta das xuntas de goberno, se iniciou expediente algún de reposición de legalidade urbanística a esta empresa para que regularice a situación, previo pago do imposto de construción, instalacións e obras que poderían supoñer para as arcas do concello de Dodro, un ingreso de aproximadamente 300.000 euros.*

*Lembremos a Asociación de Veciños inicióuselle un expediente, como ten que ser, por 60 euros. Sabemos tamén que outras empresas iniciaron obras importantes de construción de alpendre, mesmo a beira da estrada e que tampouco teñen licencia de obra aprobada en xunta de goberno. Que olla toda a veciñanza e que podría tamén, supor un ingreso importante no impostos de construción, instalacións e obras que tería que cobrar o Concello.*

*A que é debido que este goberno, pida a reposición da legalidade a uns e as empresas que se instalan en Dodro, ou que fan obras importantes e que poden supoñer, un ingreso moi necesario para as arcas municipais, mire para outro lado e non aplique a lei?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Bueno. Pois eu quería levar ás 2 á vez. Mire, e máis a que hai pendente tamén que tamén, ven relacionada con esta última verdade? Corríxame se me equivoco.*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*Bueno primeiro, a Asociación de Veciños San Xoán de Laíño foi una comunicación verbal. Non se iniciou expediente. Foi unha chamada, por parte do concelleiro de obras e non se iniciou expediente. Primeiro, bueno.*

*Segundo, volve a decir aquí vostede que á Asociación de Veciños iniciouse expedinte como ten que ser. No, foi unha chamada verbal. O mismo se produce con, casi todo o mundo. Efectivamente, esta empresa que vostede di, xa recibeu a visita do técnico municipal e estamos pendientes de que nos facilite o informe y se actuará en consecuencia, con todo o peso da lei. Si da lugar claro. Xa se fixo e tal e non nos consta que teña a... que teña a licencia de obra para todo o que están facendo, pero temos que... temos que ver que o técnico municipal, informe da visita das obras que veu e do que... do que se está pasando nesa parcela. Xa digo, xa foi a visita, xa hai unhas semanas. Si, si."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"O sea, están a punto de inaugurar e o Concello aínda..."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *" No, no. A punto de inaugurar, dio a prensa. Eu non sei se gastaron 8 millóns ou 9 millóns de euros, a min paréceme que non. 8 millóns ou 9 millóns de euros, son moitos millóns de euros. A min, paréceme que non gastaron os 8 millóns ou 9 millóns de euros. Igual din que van a acabar gastando ou que vai a haber unha inversión de 8 ou 9 millóns. Eu non lin o... Eu, o que sei é o que sei. Efectivamente, é pos... que van abrir dio vostede eu non teño claro que abra."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"A prensa non me chamou a min, chamou o empresario."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Estoulle decindo que eu... Xa, pero é información do empresario, é información do empresario. As súas razóns terá para decir o que di."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Todas obras que hai alí, ningunha ten licencia de momento."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Esa é outra pregunta entendo?"*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"No, no, no. Está na misma."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"No, no. Pois é o que lle estou decindo. O técnico municipal xa xirou visita e estou pendiente de que me mande un informe...."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Ben, ningunha ten licencia..."*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Co que veu alí."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Está ben, non..."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Esa é a resposta unha. Á pregunta dúas da depuradora, exactamente o mismo. Que tampouco sei, se é unha depuradora. Non coñezo a construción, nin o funcionamento, nin o que é unha depuradora, entón... é o que mandamos, ao técnico municipal para que nos informara."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"De verdade, que non sabe como é unha depuradora? Bueno vale, pode ser."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Asombraríalle as cousas que non sei, señor Vicente."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Bueno."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Algunha pregunta máis? Bueno, non hai máis preguntas escritas. Agora son as preguntas orais e por orden de... Empeza vostede. Preguntas orais."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Si. Pode decirnos como está o tema do terreo para facer o parque infantil en Manselle? Que xa preguntamos en varias ocasións e presentamos moción tamén."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Pois... a verdade, non podo decirllo. Contestareille no seguinte pleno. Non podo decirlle. Si, temos a moción y estamos todos... Pero non podo decirlle como está o proceso ese."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Temos outra. Como teñen o tema do arranxo das pistas da concentración do monte, por parte dos madereiros? Na última vez que preguntamos, o alcalde díxonos que en uns días tiña unha reunión con eles e non volvemos a saber nada máis. Pode informarnos como esta ese tema?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Si, si. Eu teño fotos, estuveron traballando. Encargaron a unha empresa e en principio están, todas as pistas, máis ou menos arregladas. De feito, o enxeñeiro que temos ahora mismo, forestal, está acusando unha nova visita para si se pode mellorar algunhas. Hai algunhas que teñen problemas de desaugues y pensamos que van quedar mellor. Pero tamén, en todo caso, fixeron case non sei cantos kilometros de arranxo con niveladora y con... y con palas. Si si, están para ver. Eu teño fotos, de feito, non subimos as fotos á espera do informe, digamos definitivo, do enxeñeiro forestal. Algunha pregunta máis?"*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"No, nada máis."*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Si, teño un par delas. Nunha resolución da alcaldía, de levantamento de reparos do informe da secretaria, sobre a aprobación da certificación nº 1 e final da obra Pavimentación camiño da Marquesiña a Dodriño e outro, podemos ler o seguinte: "Visto o informe de secretaria-intervención 117/2025, de data 23 de xullo de 2025, no que fórmula reparo suspensivo, e visto o informe da dirección facultativa da obra de incidencias acaecidas durante a execución das obras, asinado dixitalmente o día 2 de xuño de 2025, coa conformidade do contratista, acompañado de acta de prezos contraditorios e cadro de prezos descompostos. O reparo suspensivo da secretaria é unha intervención co obxecto de suspender a tramitación dun expediente administrativo, cando se detectan defectos legais graves, como insuficiencia de crédito, incompetencia do órgano, omisión de trámites esenciais ou irregularidades documentais que poderían implicar a nulidade do acto ou prexuízo económico. Pode decirnos, cales foron os efectos legais graves, as que deron lugar ao reparo suspensivo por parte da secretaria?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Pois a verdade, é que non foi ningún efecto legal grave porque os reparos suspensivo prodúcese, teoricamente, cando hai unha cousa que non esta inicialmente no proxecto, pero que o contratista e a dirección de obra, entende que é necesario esa ese aumento. Non supón un euro máis para o Concello y si que supón, un traballo a maiores, tanto por parte da dirección de obra, por parte dos contratista para que a obra acabe correctamente. Entonces, basicamente foi o que pasou. As obras aparecen, deséñase nunha cousa, necesítase algún tipo de mellora, a dirección de obra ten un porcentaxe, creo que ronda o 10% do orzamento para para certas modificacións, fixéronse, aprobáronse por parte da dirección de obra e costa eso, non hai máis."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Vale."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Non hai máis."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Ben, ben. Nós temos outra oral."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Si, si. Ten dereito dúas."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Dende a Unidade Veciñal de Dodro, vimos preguntando xa, polo Cruceiro do Botafalo de Teaio, desde o pleno do mes de marzo co seguinte resultado. Ese mes de marzo, o concelleiro de patrimonio contestou que se estaba elaborando un informe, casi 2 meses despois da caída, caeu en xaneiro, creo que fora. No mes de xullo, rexistramos outra pregunta o día 1, despois de consultar no Servicio Provincial de Patrimonio da Coruña que nos confirmaron que non tiñan ningún informe nin proxecto do concello de Dodro. Nese mesmo pleno o concelleiro informou que xa mandaran o informe a Patrimonio, pero o que non dixo, foi que ese informe o*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*mandaron o día 9 de xuño, xusto 8 días despois, de nós rexistrar a pregunta. Se non preguntáramos nese pleno, aínda o informe se estaría elaborando, imaxinamos. Esperaron vostedes 6 meses para enviar un informe á Dirección Xeral de Patrimonio, sobre a caída do cruceiro do Botafalo e aínda non sabemos o proceso de reparación. Pois no Servizo de Restauración da Conselleria, non teñen constancia de ningún proxecto do concello de Dodro. A pregunta ao concelleiro de patrimonio e a seguinte: "Que fixeron durante estes 2 anos? Ou, teñen previsto algún plan de actuación sobre o patrimonio cultural de Dodro, aínda que sexa para a conservación, a restauración ou información? Ou, van facer como no cruceiro Botafalo estes seguintes anos?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Pois casi..."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"É a pregunta para o concelleiro."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Si, pero casi que lle contestará no seguinte pleno para enseñarlles o plan... o plan que acaban de pedir e xa llo... e máis lle contará toda a documentación sobre esa reparación, porque tamén é posible que o informe estivera en Patrimonio e polo que fora, cando vostede preguntou aquí e nós chamásemos, ao final acabou aparecendo. E decir que saira de aquí, bueno."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"O informe, o informe saíu de aquí o día 8."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Non o sei, non o sei."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"E preguntamos o día 1. Eso é..."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Bueno, esto non é un debate. Portavoz do BNG."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Si temos unha pregunta, pero tamén temos un rogo."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Bueno, pois si. Primeiro o rogo, sería o seu, e despois a pregunta."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Si, bueno o rogo creo que é un resumo resumo de todo este pleno. É decir que no BNG, o que roga é que se mellore a atención e axilidade á veciñanza, por parte de todos os servizos municipais. Sobre todo, o que tamén, o que reclama a xente é que o equipo de goberno que teña máis presenza para atender á xente no concello porque cando veñen, non atopan con quen falar. Ese era o rogo.*

*A pregunta é cando vai a ir o goberno de Dodro, entendemos que con urxencia, a*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*falar coa Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta? Porque aprobamos aquí, firmaron as familias e xente para termos un bus axeitado para comunicación dos rapaces e a xente que o necesita ir a Padrón e mellorar as comunicacións. De nada vale termos estradas, se logo, despois non temos autobuses público. Polo tanto esa é a pregunta que fai o BNG. Cando vai a ir o goberno de Dodro, repito á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta? Creo se chama así a solicitar o que lle pediu toda a comunidade creo que de Dodro, ao pleno para repoñer os buses que non temos agora mesmo, para por exemplo, os rapaces iren o instituto a Padrón, sobre todo?"*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Pois estaba buscando no facebook do Concello que creo que se publicou a miña entrevista ca directora Xeral de Movilidade sobre este asunto realmente xa tuvemos 2 conversas xa esta todo no novo... no novo... no novo, joder, no novo, na nova concesión, por decir así. Xa sale reflexado a parada, xa salen reflexados os novos horarios do bus, efectivamente xa hai un bus que vai cumplir esas..."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Non, non hai bus."*

**María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular:** *"Que xa está."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Bueno esta..."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"Non hai bus as 8 da mañán."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Bueno, perdón esta aprobado."*

**Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego:** *"No."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Está aprobado y estará funcionando non sei cando, pero a pregunta súa era cando íbamos a ir. Xa fomos, xa pedimos, xa se nos dixo, xa se nos dixeron as novas paradas. Fíxoselle unha suxerencia a maiores de outra parada e estamos en eso, esperamos que sexa inmediato. A verdá é que non o sei."*

**Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal:** *"Non, de inmediato non."*

**O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís:** *"Si a pregunta é outra ou se o rogo é outro, tomarei nota e direi eu o que sexa, vale. Bueno pois creo que xa non hai máis. Remátase o pleno aquí non? Pois moitas gracias por vir."*

Ás 21:00 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

fe.

*Dodro, documento asinado dixitalmente*
*A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo*
*O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*



CVD: nZPCt/CXKyie5iDiaTS7 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/